

Estadística de protección de menores **2010**

Operación estadística n.º 25201

Estatística de protección de menores 2010

Operación estadística n.º 25201

Elaboración:

Subdirección Xeral de Familia e Menores, Servizo de Defensa do Menor

Edita:

Consellería de Traballo e Benestar, Vicesecretaría Xeral, Sección de Publicacións e Estatísticas

Coordinación e revisión do texto:

Pepa Dabán Royo

Maquetación:

Antonio Lameiro Ces

ISSN 1889-8025

Índice

Introdución	5
Normativa	7
Unidades estatísticas.....	9
1 Menores tutelados	9
2 Menores en situación de garda	11
3 Acollemento e menores acollidos	13
4 Adopción e menores adoptados.....	19
5 Programas de apoio e beneficiarios	25
5.1 Atención de día	25
5.2 Programa de integración familiar (PIF).....	27
5.3 Programa de axudas de prevención e apoio a familias en situacións de carencias graves para a preservación dos menores no seu medio.	28
5.4 Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar)	30
5.5 Programa de inserción sociolaboral de menores (Mentor).....	30
6 Menores estranxeiros non acompañados (MENAS).....	31
7 Teléfono de axuda á infancia	32

Introdución

A Consellería de Traballo e Benestar, de acordo co artigo 1 do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a Orde de 24 de outubro de 2011 polo que se establece a adscrición provisional e atribución de competencias nos órganos desta consellería (DOG nº 205 do 26.10.11), asume, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais, incluídas as áreas de familia, menores e benestar social. En concreto, a través da Secretaría Xeral de Política Social, leva a cabo a xestión, coordinación e control dos programas, servizos e centros dedicados aos menores en situación de risco ou desamparo.

O órgano responsable da xestión destas materias é a Subdirección Xeral de Familia e Menores, así como as xefaturas territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Unha síntese cuantitativa anual da progresión e resultados no desenvolvemento destas competencias é a estatística de protección de menores, que recolle os datos principais referidos aos expedientes de menores que están baixo a acción protectora da Xunta de Galicia que poden resultar de interese. Os datos refírense a tutelas, gardas, acollemento familiar e residencial, adopción nacional e internacional, menores estranxeiros non acompañados e varios programas destacados de atención a familias e a menores en situación de risco ou desamparo.

Esta edición responde á estrutura e contido descritos na operación estatística 25201 do Instituto Galego de Estatística. O seu proxecto técnico, elaborado pola Subdirección Xeral de Familia e Menores en colaboración co devandito Instituto, analiza polo miúdo e logo dunha introdución e da relación normativa que lle atinxe, as unidades estatísticas, as variables utilizadas, o procesamento de datos e o deseño da explotación dos datos do rexistro.

Por este motivo, a edición da estatística deste ano, cos datos correspondentes a 2010, introduce cambios na estrutura do conxunto de edicións anteriores, coa intención de mantelos en diante, por considerar que, sen reducir información respecto de anos anteriores, se presenta de maneira máis concentrada e accesible. Ademais, nalgúns áreas de intervención, a introdución da variable <xénero> achega información básica acerca da evolución dos programas e recursos.

Normativa

A continuación cítanse as normas de diferente rango aplicables a menores e familias nos ámbitos internacional, nacional e autonómico.

Normativa internacional:

- Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Instrumento do 30 de novembro de 1990 (BOE nº 313, do 31.12.1990).
- Convenio relativo á protección do neno e a cooperación en materia de adopción internacional. A Haia, 29 de maio de 1993. Ratificado polo Instrumento de 30 de xuño de 1995 (BOE nº 182, do 01.08.1995).

Normativa estatal:

- Código Civil do 29 de xullo de 1889 (Art. do 109 ao 111, do 160 ao 180, 201, 215, 216, do 222 ao 233, 239, 242 e do 259 ata o 285).
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (BOE nº 15, do 17.01.1996).
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (Arts. 35 e 36). (BOE nº 10, do 12.01.2000). Modificada por Lei Orgánica 2/2009, do 11 de decembro (BOE nº 299, do 12.12.2009)
- Real Decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (Arts. 92, 93 e 94) (BOE nº 6, do 07.01.2005).
- Lei 54/2007, de 28 de decembro, de adopción internacional (BOE nº 312, do 29.12.2007).

Normativa autonómica:

- Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia (DOG nº 118, do 20.06.1997). Modificada no seu artigo 33.1.a) pola Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas (DOG nº 251, do 29.12.2003).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG nº 124, do 29.06.2006).
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 06.03.2000). Modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro (DOG nº 222, de 14.11.2003) e polo Decreto 184/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia (DOG nº 169 do 02.09.2008).
- Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº 156, do 16 de agosto de 2005).
- Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG nº 147, do 31.07.2007).
- Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG núm. 123, 25.07.2009). Modificado polo Decreto 9/2011, do 20 de xaneiro (DOG nº 24, do 04.02.2011)
- Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se establecen e se convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións de carencias graves para a preservación dos menores no seu medio (DOG n.º 40, do 26.02.2009).



1 Menores tutelados

Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, asumir a tutela dos menores desamparados que residan ou se atopen transitoriamente na Comunidade Autónoma de Galicia. A asunción da tutela atribuída á Entidade Pública leva consigo a suspensión da patria potestade. Así mesmo, leva implícita a garda da persoa menor por parte da entidade pública.

Enténdese por desamparo a situación que se produce de feito por mor do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes queden privados da necesaria asistencia.

Consideraranse situacións de desamparo:

- a) O abandono da persoa menor.
- b) A existencia de malos tratos físicos ou psíquicos ou de abusos sexuais por parte das persoas da unidade familiar ou de terceiros con consentimento daquelas.
- c) A indución á mendicidade, delincuencia ou prostitución.
- d) A drogadicción ou o alcoholismo habitual da persoa menor con consentimento ou coa tolerancia dos pais, nais ou gardadores.
- e) O trastorno mental graves dos pais, nais ou gardadores que impida o normal exercicio da patria potestade ou da garda.
- f) A convivencia nun medio socio-familiar que deteriore gravemente a integridade moral do neno ou nena ou prexudique o desenvolvemento da súa personalidade.
- g) A falta de persoas ás cales lles corresponde exercer as funcións de garda ou cando estas persoas estean imposibilitadas para exercelas ou en situación de exercelas con perigo grave para o neno ou nena.

Táboa nº 1. Menores en situación de tutela pola Xunta. Galicia e provincias. Ano 2010.

Menores en situación de tutela 2010			
	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	348	283	631
Lugo	98	84	182
Ourense	165	116	281
Pontevedra	391	301	692
Galicia	1.002	784	1.786



2 Menores en situación de garda

Á entidade pública de protección de menores correspóndelle a garda das persoas menores das que teña asumida a tutela.

Ademais, cando os pais, nais, titores ou titoras, por circunstancias graves, cumpridamente avaliadas, non poidan coidar o ou a menor, poden solicitar da Xunta de Galicia que esta asuma a súa garda durante o tempo necesario.

Así mesmo, a Xunta de Galicia asumirá a garda cando así o acorde o xuíz.

Nesta unidade estatística só se reflicten as dúas últimas (garda rogada e xudicial) xa que a primeira enténdese incluída dentro da unidade "menores tutelados".

A garda asumida pola administración, sexa como función inherente á tutela, a petición dos pais ou por resolución xudicial, exércese mediante o acollemento familiar e o acollemento residencial.

Táboa nº 2.1 Menores en situación de garda. Galicia e provincias. Ano 2010.

Menores en situación de garda . Galicia e provincias 2010			
	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	113	89	202
Lugo	15	12	27
Ourense	29	30	59
Pontevedra	41	29	70
Galicia	198	160	358

Táboa nº 2.2 Tipo de garda. Galicia. Ano 2010.

Tipo de garda. Galicia. Ano 2010			
	Nenos	Nenas	Total
Administrativa	186	153	339
Xudicial	12	7	19
Total gardas	198	160	358

3 Acollemento e menores acollidos

O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección da persoa menor, e consiste na integración do neno ou nena nunha familia acolledora (acollemento familiar) ou no seu aloxamento e atención nun centro axeitado (acollemento residencial). A familia ou persoa acolledora ten a obriga de velar polo neno ou nena, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

Os principios de actuación no acollemento son:

- Darlle prioridade ao acollemento familiar sobre o residencial.
- Evitar, na medida do posible, a separación de irmáns.
- Favorecer a permanencia do menor no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza na familia extensa.

Nesta unidade estatística non se recollen os acollementos preadoptivos, que son os constituídos como paso previo á adopción e mediante os que ten lugar un período de convivencia entre o menor e a familia asignada co obxectivo de valorar o acoplamento entre ambas as dúas partes.

Existen dous tipos de acollemento: o acollemento familiar e o acollemento residencial.

3.1 Acollemento familiar

Mediante este tipo de acollemento outórgase a garda dun menor a unha persoa ou núcleo familiar coa obriga de coidalo, alimentalo, educalo por un tempo co fin de integralo nunha vida familiar que substitúa ou complementa temporalmente á súa familia biolóxica.

Táboa nº 3.1 Acollemento familiar na provincia da Coruña. Ano 2010

Acollemento familiar A Coruña 2010								
	Familia extensa			Familia allea			Total	
	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias	Menores	Familias
Remunerado	220	207	315	50	44	66	521	381
Non remunerado	73	69	105	3	2	2	147	107
Total	293	276	420	53	46	68	668	488

Táboa nº 3.2 Acollemento familiar na provincia de Lugo. Ano 2010

Acollemento familiar Lugo 2010								
	Familia extensa			Familia allea			Total	
	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias	Menores	Familias
Remunerado	23	19	34	8	6	11	56	45
Non remunerado	3	3	6	1	0	1	7	7
Total	26	22	40	9	6	12	63	52

Táboa n.º 3.3 Acollemento familiar na provincia de Ourense. Ano 2010

Acollemento familiar Ourense 2010								
	Familia extensa			Familia allea			Total	
	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias	Menores	Familias
Remunerado	70	58	102	23	24	37	175	139
Non remunerado	16	13	28	1	0	1	30	29
Total	86	71	130	24	24	38	205	168

Táboa n.º 3.4 Acollemento familiar na provincia de Pontevedra. Ano 2010

Acollemento familiar Pontevedra 2010								
	Familia extensa			Familia allea			Total	
	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias	Menores	Familias
Remunerado	226	221	347	30	34	40	511	387
Non remunerado	67	66	103	0	2	2	135	105
Total	293	287	450	30	36	42	646	492

Táboa n.º 3.5 Acollemento familiar en Galicia. Ano 2010

Acollemento familiar Galicia 2010									
	Familia extensa			Familia allea			Total		
	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias
Remunerado	539	505	798	111	108	154	650	613	952
Non remunerado	159	151	242	5	4	6	164	155	248
Total	698	656	1.040	116	112	160	814	768	1.200

Táboa n.º 3.6 Acollemento familiar segundo a situación administrativa dos menores. Galicia e provincias. Ano 2010

Acollemento familiar Galicia 2010					
		Tutelas	Outros	Total	Total nenos e nenas
A Coruña	Nenos	192	154	346	668
	Nenas	189	133	322	
Lugo	Nenos	26	9	35	63
	Nenas	22	6	28	
Ourense	Nenos	75	35	110	205
	Nenas	57	38	95	

Pontevedra	Nenos	181	139	320	643
	Nenas	165	158	323	
Galicia	Nenos	474	340	814	1.582
	Nenas	433	335	768	
		907	675	1.582	

3.2 Acollemento residencial

Comporta o ingreso dun/dunha menor nun centro residencial de titularidade da comunidade autónoma ou dunha institución pública ou privada colaboradora, co obxecto de recibir a atención, educación e formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non poida proporcionarlle a súa propia familia.

Ten carácter subsidiario do acollemento familiar e das demais medidas de protección. Isto significa que só se poderá aplicar esta medida cando se esgotaren todas as posibilidades de mantemento da ou do menor na súa familia e o acollemento familiar, a tutela ordinaria ou a adopción non sexan posibles ou se consideren non apropiados.

Esta medida manterase polo tempo estritamente necesario, procurándose a integración da ou do menor no contorno social e o acceso aos sistemas ordinarios educativos, sanitarios, laborais e outros.

Os centros residenciais son de diferentes tipos segundo as súas características. Achégase a continuación unha breve descrición de cada un deles.

- Centros con fogares: son equipamentos residenciais distribuídos en unidades de convivencia dun máximo de 10 prazas en cada unha.
- Mini residencias: Instaladas en vivendas normalizadas, cunha capacidade máxima de 15 prazas.
- Casas de familia: situadas en vivendas normalizadas (pisos ou vivendas unifamiliares), integradas na comunidade e cunha capacidade máxima de 8 prazas.
- Vivendas tuteladas: espazos normalizados, para menores próximos a cumprir a maioría de idade. Teñen unha capacidade máxima de 8 prazas.
- Vivendas de transición á vida autónoma, ou vivendas asistidas, para mozos e mozas maiores de idade (ex – tutelados), que necesitan apoio para acadar a súa autonomía definitiva. Funcionan en réxime de autoxestión baixo a supervisión técnica externa dun educador.

Atendendo a súa xestión, os centros poden ser:

- Propios ou xestionados directamente pola Xunta de Galicia a través de persoal propio.
- Colaboradores ou xestionados por unha Entidade Prestadora de Servizos Sociais

A partir destas dúas características, as táboas que seguen representan, respectivamente, os recursos dispoñibles en cada provincia e en Galicia, o número de prazas en cada un deles e, por último, a distribución dos menores en acollemento residencial a partir das dúas primeiras características.

Táboa nº 3.2.1 Número de centros residenciais para a protección de menores, segundo a súa tipoloxía e a titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2010

	Nº de centros residenciais para a protección de menores segundo tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias Ano 2010											
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia		Concertada	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada		
Centros con fogares	3	4	1	0	2	0	0	0	3	6	7	
Mini residencias	0	3	0	5	0	2	0	0	2	0	12	
Casas de familia	0	6	0	3	0	4	0	0	16	0	29	
Vivendas tuteladas	0	2	0	1	0	1	0	0	2	0	6	
Vivendas asistidas	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	2	
Total centros	3	15	1	9	2	8	0	0	24	6	56	
Públicos e concertados	18		10		10		24		62			

Táboa nº 3.2.2 Número de prazas residenciais para a protección de menores, segundo a súa tipoloxía e a titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2010

	Nº de prazas residenciais para a protección de menores segundo tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias Ano 2010											
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia		Concertada	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada		
Centros con fogares	80	137	32	0	64	0	0	0	135	176	272	
Mini residencias	0	30	0	59	0	25	0	0	23	0	137	
Casas de familia	0	48	0	24	0	32	0	0	125	0	229	
Vivendas tuteladas	0	16	0	8	0	8	0	0	14	0	46	
Vivendas asistidas	0	0	0	0	0	4	0	0	4	0	8	
Total prazas	80	231	32	91	64	69	0	0	301	176	692	
Públicas e concertadas	311		123		133		301		868			

Táboa nº 3.2.3 Menores acollidos en centros segundo a titularidade. Galicia e provincias. Ano 2010

Menores acollidos en centros segundo a titularidade. Galicia e provincias. Ano 2010										
Titularidade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas
Centros propios	87	42	49	13	68	46	6	12	210	113
Centros colaboradores	138	118	46	50	50	53	209	145	443	366
Nenos / Nenas	225	160	95	63	118	99	215	157	653	479
Total nenos e nenas	385		158		217		372		1.132	



4 Adopción e menores adoptados

A adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta á súa familia de orixe.

A adopción diferénciase segundo sexa nacional ou internacional.

4.1 Adopción nacional

Constitúe o acto xurídico mediante o que se establece unha relación xurídica de filiación entre os adoptantes e o/a menor, extinguíndose así os vínculos deste/a coa súa familia de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plena de dereitos coa familia biolóxica.

Segundo as lexislacións española e galega, con independencia do seu estado civil, calquera individuo, matrimonio ou parella de feito pode solicitar unha adopción nacional.

Ademais é necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Ter como mínimo 25 anos cumpridos; no caso de solicitude conxunta por cónxuxes ou parellas con relación estable análoga á conxugal, bastará con que un deles teña esta idade. En todo caso, o adoptante deberá ter, polo menos, catorce anos máis que o adoptado.
- Ter residencia habitual na Comunidade Autónoma de Galicia ou ser emigrante galego con previsión de retorno; neste caso, deberase xustificar a residencia efectiva na comunidade autónoma no prazo máximo dun ano desde a data de presentación da solicitude.
- Ter plena capacidade xurídica e de obrar.
- Estar declarado persoa idónea para a adopción tras o correspondente procedemento de valoración.

Na nosa comunidade autónoma os menores susceptibles de seren adoptados son tutelados pola Xunta de Galicia, quen se encarga de propoñer a adopción ao xuíz.

As persoas que desexan adoptar deben participar nun proceso que, en síntese, consta das seguintes fases:

- Participación, previa inscrición, nunha sesión informativa.
- Asistencia a un curso de formación.
- Presentación de solicitude de adopción na xefatura territorial de referencia da Consellería de Traballo e Benestar Social, acompañada da documentación esixida.
- Valoración da idoneidade dos solicitantes, que consiste nun estudo psicolóxico e social do/s solicitante/s para determinar as súas capacidades parentais como adoptantes.
- Selección da familia máis axeitada para o/a neno/a que vai ser adoptado/a. Esta selección é diferente segundo se refira a nenos/as menores dun ano de idade ou nenos/as de idade superior, grupos de irmáns ou menores con algunha discapacidade, enfermidade ou característica especial.
- Constitución dun acollemento preadoptivo.
- Proposta de adopción, formulada ante o xulgado pola xefatura territorial da Consellería.
- Formalización da adopción mediante resolución xudicial.

Táboa nº 4.1.1 Adopción nacional. Nº de solicitudes para adoptar segundo o estado de trámite da solicitude. Galicia e provincias. Ano 2010.

Adopción nacional. Número de solicitudes para adoptar segundo o estado de trámite da solicitude. Galicia e provincias. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Solicitudes abertas	96	20	29	78	223
Resolucións de acollemento preadoptivo	14	7	7	29	57
Propostas de adopción realizadas	12	9	9	28	58
Autos de adopción producidos	12	8	15	24	59

Táboa nº 4.1.2 Menores acabados de nacer dados en adopción. Galicia e provincias. Ano 2010

Menores acabados de nacer dados en adopción. Galicia e provincias					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	2	1	1	4	19
Nenas	5	1	1	4	

4.2 Adopción internacional

Ten lugar cando se produce un traslado dun menor con fins adoptivos dende o seu estado de orixe, onde reside, cara a outro estado no que residen os pais adoptivos. Na adopción dun menor de orixe estranxeira intervén, ademais da lexislación española, a do país de orixe do neno ou nena. Daquela, tanto no que se refire aos adoptantes como aos adoptados, hai que ter en conta as condicións que estableza a lexislación dos países de orixe dos menores.

Para as familias solicitantes de adopción o proceso é semellante ao de adopción nacional en canto ás fases de información, formación, solicitude e valoración de idoneidade, pero moi diferente nas fases posteriores. Así:

- Tramitación da solicitude. Obtido xa o certificado de idoneidade, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar, fai chegar o expediente ao país onde se desexa adoptar, e segundo do país que se trate, as canles serán:
 - Directamente a través da propia Secretaría, vía Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. A familia deberá enviar toda a documentación que esixa o país de orixe, xunto co certificado de idoneidade.
 - A través de Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional (ECAI), dedicadas a colaborar coas administracións públicas e cos solicitantes no proceso de adopción internacional.
- Asignación. Cada Estado dispón do seu propio procedemento unha vez recibido o expediente de adopción de familia estranxeira. Cando o órgano competente do país decide unha asignación para unha determinada familia, esta é informada, ben directamente, ben a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar ou da ECAI, para que comunique a súa aceptación do/a menor asignado.
- Constitución da adopción. Unha vez comunicada a conformidade coa asignación, o país de orixe continúa a tramitación do expediente ata constituír e formalizar definitivamente a adopción.

Táboa nº 4.2.1 Solicitudes presentadas para adopción internacional. Galicia e provincias. Ano 2010

Solicitudes presentadas para adopción internacional. Galicia e provincias 2010				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
164	42	28	130	364

Táboa nº 4.2.2 Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar por país. Galicia e provincias. Ano 2010

Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, por país. Galicia e provincias. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Bolivia		1			1
Brasil	1			1	2
Bulgaria	5	1		2	8
Burundi	1			2	3
Cabo Verde				1	1
China	3			1	4
Colombia	24	5	5	16	50
Costa de Marfil	2			3	5
El Salvador	2	1			3
Etiopía	49	6	5	33	93
Filipinas	6	3	1	2	12
Honduras	1		1		2
Hungría	3				3
India	1			2	3
Kazajstan			1		1
Mali				1	1
Marrocos	1		1		2
México	1		1		2
Polonia	2				2
Rusia	5	1	4	2	12
Ucraina	3	1		4	8
Vietnam	33	4	9	22	68
Total	143	23	28	92	286

Táboa n.º 4.2.3 Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar vía Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, por país. Galicia e provincias. Ano 2010

Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar vía Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, por país. Galicia e provincias. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Brasil	1			1	2
Cabo Verde				1	1
China	2				2
Colombia	2			3	5
Costa de Marfil	2			3	5
Filipinas	1				1
Kazajstan			1		1
Malí				1	1
Marrocos	1		1		2
México	1		1		2
Ucraina	3	1		4	8
Total	13	1	3	13	30

Táboa n.º 4.2.4 Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, vía ECAI habilitada en Galicia. Por ECAI e por país, Galicia e provincias. Ano 2010

Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, vía ECAI habilitada en Galicia. Por ECAI e por país, Galicia e provincias. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
INTERADOP GALICIA					
Vietnam	14	3	5	20	42
ADDIS GALICIA					
Burundi	1			2	3
Etiopía	20	4	2	26	52
ADECOP GALICIA					
Colombia	15	4	2	4	25
Vietnam	10	1	3	2	16
ACI GALICIA					
China	1				1
Filipinas	5	3	1	2	11
Vietnam	8		1		9
ADECOP PIAO GALICIA					
Vietnam	1				1
BALBALIKA GALICIA					
Etiopía	10		3	7	20
BALMS GALICIA					

Colombia	6	1	3	9	19
PIAO GALICIA					
China				1	1
Etiopía	19	2			21
Total	110	18	20	73	221

Táboa nº 4.2.5 Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, vía ECAI habilitada noutra comunidade autónoma. Por ECAI e por país. Galicia e provincias. Ano 2010

Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, vía ECAI habilitada noutra comunidade autónoma. Por ECAI e por país. Galicia e provincias. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
MIMO MADRID					
Bulgaria	1				1
Hungría	3				3
ADAI MADRID					
Colombia	1				1
NIÑOS SIN FRONTERAS MADRID					
India				1	1
NAMASTE ARAGÓN					
India				1	1
PROFILIA MADRID					
Honduras	1		1		2
NIÑOS SIN FRONTERAS BALEARES					
India	1				1
MIMO PAÍS VASCO					
Bulgaria	4	1		2	7
INFANCIA Y FUTURO BALEARES					
Rusia	1			1	2
GENUS CATALUÑA ASOCIACIÓN INSTITUT					
Bolivia		1			1
ANDAI MADRID					
Rusia	1				1
ECAI EAI					
El Salvador	2	1			3
Polonia	2				2
AIPAME CATALUÑA					
Rusia	2				2
AIPAME VALENCIA					

Rusia			1	1	2
AIPAME PAÍS VASCO					
Rusia	1	1	3		5
Total	20	4	5	6	35

Táboa n.º 4.2.6 Menores con preasignación a familia comunicada á Secretaría Xeral de Familia e Benestar. Por país de orixe. Galicia e provincias. Ano 2010

Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar vía Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, por país. Galicia e provincias. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Brasil	1			1	2
Bulgaria	1				1
China	14	1	4	9	28
Colombia	12	4	2	8	26
Costa de Marfil	1				1
Etiopía	47	10	3	39	99
Filipinas	5	4	1	5	15
Hungría	9				9
Kazajstan	2		2	3	7
Nepal				1	1
Perú	1				1
Polonia	2				2
Rusia	3	2		4	9
Ucraina		1		8	9
Vietnam	37	6	6	30	79
Total	135	28	18	108	289

5 Programas de apoio e beneficiarios

Un dos principios reitores que deben rexer as actuacións dos poderes públicos na protección da infancia e da adolescencia é a integración sociofamiliar dos nenos, nenas e adolescentes, garantindo, sempre que sexa posible, a permanencia no seu ambiente familiar e contorno comunitario.

Para conseguilo, ademais de adoptar, se procede, as medidas de tutela ou garda, os servizos especializados de protección da infancia da Consellería de Traballo e Benestar, desenvolven os seguintes programas de apoio ás persoas menores e ás súas familias:

5.1 Atención de día

Mediante o programa de atención de día préstaselles aos e ás menores en situación de risco, desamparo ou conflito social, un servizo de apoio socioeducativo e familiar, co obxecto de favorecer o seu proceso de normalización. O programa de atención de día desenvólvese en equipamentos de uso exclusivo para esta finalidade ou ben en unidades específicas existentes en equipamentos de acollemento residencial. Os centros están xestionados pola administración pública ou concertados con entidades colaboradoras

Táboa nº 5.1.1 nº de centros de atención de día segundo a súa tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2010

Nº de centros de atención de día segundo a súa tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2010												
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia			
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada		
Centros con Fogares	2	3	0	1	1	0	0	4	3	8		
Mini Residencias	0	3	0	4	0	1	0	1	0	9		
Casas de Familia	0	3	0	0	0	1	0	6	0	10		
Centros de día integrais	0	2	0	3	0	3	0	6	0	14		
Total centros	2	11	0	8	1	5	0	17	3	41		
Públicos e Concertados	13		8		6		17		44			

Táboa nº 5.1.2 nº de prazas de atención de día segundo a tipoloxía e titularidade da xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2010

Nº de prazas de atención de día segundo a tipoloxía e titularidade da xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2010												
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia			
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada		
Centros con Fogares	20	30	0	10	20	0	0	66	40	106		
Mini Residencias	0	7	0	19	0	4	0	8	0	38		
Casas de Familia	0	10	0	0	0	2	0	18	0	30		
Centros de día integrais	0	28	0	43	0	30	0	101	0	202		
Total prazas	20	75	0	72	20	36	0	193	40	376		
Públicas e Concertadas	95		72		56		193		416			

Táboa nº 5.1.3 Menores en atención de día segundo a titularidade da xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2010

Menores en atención de día segundo a titularidade da xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2010										
Tipoloxía	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas
Centros propios	7	2	0	0	14	8	0	0	21	10
Centros concertados	40	30	32	33	25	26	117	116	214	205
Total provincia/sexo	47	32	32	33	39	34	117	116	235	215
Total menores	79		65		73		233		450	

5.2 Programa de integración familiar (PIF)

Este programa, mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial nos núcleos familiares, ten un dobre obxectivo:

- Acadar a integración familiar de nenos/as institucionalizados (reunificación familiar). O programa traballa para mellorar a situación persoal, social e familiar dos/as menores que tiveron que ser separados das súas familias e residen en centros de acollida ou con familias acoledoras. A intervención realízase no núcleo familiar e en coordinación cos responsables do/a menor no centro, se é o caso.
- Evitar a separación familiar e o previsible internamento dos nenos/as (preservación familiar). Ante a detección de indicadores de risco, trátase de intervir reforzando a cohesión familiar así como potenciando os seus recursos, para promover cambios que eviten a separación do/a menor do seu contorno.

Táboa nº 5.2.1 Menores atendidos no Programa de integración familiar segundo modalidade de intervención. Ano 2010

Programa integración familiar 2010. Menores					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación Familiar	37	36	34	41	148
Preservación Familiar	31	38	33	23	125
Total menores	68	74	67	64	273

Táboa nº 5.2.2 Familias atendidas no Programa de integración familiar segundo modalidade de intervención. Ano 2010

Programa integración familiar 2010. Familias					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación Familiar	23	22	21	27	93
Preservación Familiar	17	20	14	10	61
Total familias	40	42	35	37	154

5.3 Programa de axudas de prevención e apoio a familias en situacións de carencias graves para a preservación dos menores no seu medio

Poderán ser beneficiarias destas axudas as unidades familiares con fillos maiores de 3 anos e menores de idade que se atopen en circunstancias de risco social e precisen de apoios económicos para satisfacer as súas necesidades básicas e evitar a desestruturación familiar.

Táboa nº 5.3.1 Axudas concedidas mediante solicitude. Ano 2010

Axudas concedidas mediante solicitude. Ano 2010			
	Nº familias	Nº menores	Contía total €
A Coruña	303	732	419.890,00
Lugo	116	259	204.000,00
Ourense	56	190	216.000,00
Pontevedra	124	326	359.127,00
Galicia	599	1.507	1.199.017,00

Táboa nº 5.3.2 Axudas concedidas: número de nenos e nenas por unidade familiar e número de familias. Ano 2010

Axudas concedidas: número de nenos e nenas por unidade familiar e número de familias. Ano 2010					
Nenos/as por familia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1	43	29	-	15	87
2	138	52	10	46	246
3	87	24	23	42	176
4	29	6	15	16	66
5	3	1	7	3	14
6	2	3	1	1	7
7 +	1	1		1	3
Total	303	116	56	124	599

Táboa nº 5.3.3 Axudas concedidas segundo tipo de familias. Ano 2010

Axudas concedidas segundo tipo de familias. Ano 2010						
Tipo de familia		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Monoparental	Estado civil	Número de familias				
	Casado/a	9	5	2	3	19
	Solteiro/a	56	25	5	14	100
	Separado/a	22	12	5	17	56
	Divorciado/a	30	12	1	16	59
	Viúvo/a	6	5	1	1	13
Total		123	59	14	51	247
Biparental	Matrimonio	153	44	32	66	295
	Parella de feito	27	13	10	7	57
	Total	180	57	42	73	352

Táboa nº 5.3.4 Número de familias e menores beneficiarios por tramos de renda. Ano 2010

Renda per capita anual. Nº de familias e menores beneficiarios por tramos de renda. Ano 2010										
Euros	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores
0,00 - 500,00	299	721	114	254	17	64	36	83	466	1.122
500,01 - 1.000,00	1	3	0	0	17	60	21	59	39	122
1.000,01 - 1.500,00	2	5	0	0	9	27	20	56	31	88
1.500,01 - 2.000,00	0	0	1	3	7	23	25	73	33	99
2.000,01 -	1	3	1	2	6	16	22	55	30	76
Total	303	732	116	259	56	190	124	326	599	1.507

5.4 Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (Terapia familiar)

É un programa de apoio ás familias que teñen dificultades de convivencia cos seus fillos/as, debido a conflitos relacionados co consumo e abuso de drogas, delincuencia e problemas coa lei, condutas agresivas ou violentas, dificultades para o establecemento e cumprimento das normas, absentismo ou dificultades no centro escolar, etcétera. Os e as menores nesta situación, xunto coas súas familias, reciben atención profesional por parte de psicólogos especializados en terapia familiar.

Táboa n.º 5.4.1. Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos. Terapia familiar. Ano 2010.

Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos. Terapia familiar. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Familias	34	14	38	128	214
Nenos	22	11	16	75	124
Nenas	12	4	23	73	112
Total Menores	34	15	39	148	236

5.5 Programa de inserción sociolaboral de menores (MENTOR)

O Programa Mentor pretende a inserción sociolaboral de mozos/as maiores de 16 anos, e menores de 21, que estean ou teñan estado tutelados/as ou en situación de garda pola Xunta de Galicia, e que queiran incorporarse ao mundo laboral. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida destes/as mozos/as por medio dun proxecto individualizado que lles garanta unha inserción laboral e unha capacitación para a vida independente, de maneira que ao acadar a maioría de idade poidan ser plenamente autónomos.

Táboa n.º 5.5.1. Programa de inserción sociolaboral de menores. Mentor. Ano 2010

Programa de inserción sociolaboral de menores. Mentor. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Menores	130	78	87	127	422
Nenos	107	64	52	66	289
Nenas	23	14	35	61	133

6 Menores estranxeiros non acompañados (MENA)

Son menores de idade procedentes doutros países que se atopan en España en situación de desamparo por non estar acompañados de ningún familiar.

Táboa nº 6.1. Menores estranxeiros non acompañados. Ano2010

Menores estranxeiros non acompañados (Mena). Ano2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	13	1		2	16
Nenas		1		2	3
Total Menores	13	2		4	19

Táboa nº 6.2 Países de procedencia dos menores estranxeiros non acompañados.Galicia. Ano2010

Menores estranxeiros non acompañados, segundo procedencia e sexo. Galicia. Ano 2010			
País	Neno	Nena	Total
Alxeria	1		1
Bulgaria		1	1
Guínea	1		1
Marrocos	10		10
Romanía	1	2	3
Senegal	3		3
MENAs Galicia	16	3	19

7 Teléfono de axuda á infancia

A liña de axuda á infancia é unha liña gratuíta que funciona durante todo o ano, as 24 horas do día. O seu obxecto é proporcionar axuda aos nenos necesitados de coidados e protección, a quen se subministrarán servizos e recursos tendentes a satisfacer as súas necesidades. Serve tamén para que os nenos poidan expresar libremente as súas preocupacións, falar sobre problemas que lles afecten directamente e avisar a alguén que poida proporcionarlles axuda en caso de urxencia. Está atendido por profesionais que prestan o asesoramento axeitado e notifican inmediatamente a situación aos servizos que corresponda.

Táboa nº 7.1 Número de chamadas por tipoloxía da demanda. Galicia e provincias. Ano 2010

Teléfono da infancia. Chamadas por tipoloxía da demanda. Ano 2010					
Tipoloxía	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Internamento	54	2	10	29	95
Comunicacións/Sospeitas de Maltrato	54	27	25	63	169
Problemas de conduta	50	10	4	26	90
Asesoramento	150	39	27	108	324
Dificultade na estrutura ou dinámica familiar	49	36	8	43	136
Dificultade nas relacións	30	8	7	26	71
Problemas escolares	21	1	3	18	43
Adicións	1	1	1	2	5
Embarazo	0	0	0	2	2
Problemas xudiciais	47	4	5	30	86
Información	266	23	19	135	443
Outros	44	5	8	32	89
Coordinación do servizo	24	0	1	4	29
Total	790	156	118	518	1.582

Táboa nº 7.2 Número de chamadas de comunicación de sospeita de maltrato, segundo a gravidade. Galicia e provincias. Ano 2010

Teléfono da infancia 2010. Sospeita de maltrato. Nivel de gravidade. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Grave	16	6	5	27	54
Moderado	23	14	11	23	71
Leve	15	7	9	13	44
Total	54	27	25	63	169

Táboa nº 7.3 Número de chamadas segundo o tipo de intervención requirido. Galicia e provincias. Ano 2010

Teléfono da Infancia. Chamadas segundo o tipo de intervención. Ano 2010					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Atención directa	629	118	82	398	1.227
Derivación servizos sociais	7	8	0	6	21
Derivación GOF	13	1	0	10	24
Derivación COF	0	0	0	0	0
Derivación ETM	120	28	36	95	279
Derivación outros	21	1	0	9	31
Total	790	156	118	518	1.582

Táboa nº 7.4 Número de chamadas segundo a tipoloxía do interlocutor. Galicia e provincias. Ano 2010

Teléfono da Infancia. Chamadas segundo o interlocutor. Ano 2010						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia
Menor	53	18	12	58	1	142
Pai/Nai/Titor-a	379	69	33	203	1	685
Outro familiar	74	13	9	51	3	150
Veciño/Coñecido	44	12	10	47	1	114
Profesional	168	8	28	83	3	290
Anónimo	54	31	23	63	0	171
Outros	18	5	3	13	1	40
Total	790	156	118	518	10	1.592

Táboa nº 7.5 Número de chamadas segundo a idade e sexo da/dó menor ao que se refire a chamada. Galicia e provincias. Ano 2010

Teléfono da Infancia. Chamadas segundo o sexo e idade dos menores				
Idade	Homes	Mulleres	S/clasificar	Total
0 - 4 anos	140	171	5	316
5 - 10 anos	172	119	3	294
11 - 15 anos	259	277	3	539
16 - 18 anos	139	178	0	317
> 18 anos	3	1	0	4
Sen clasificar	59	46	144	249
Total	772	792	155	1.719

Nota: esta táboa recolle, ademais das chamadas procedentes das catro provincias galegas, as procedentes de fóra de Galicia ou aquelas das que non se puido determinar a súa localización.

galicia



XUNTA DE GALICIA